



# **COLEXIO PP. ESCOLAPIOS MONFORTE DE LEMOS PROXECTO EDUCATIVO**

<b>ELABORADO POR:</b>  <b>EQUIPO DIRECTIVO</b>	<b>REVISADO POR:</b>  <b>CLAUSTRO PROFESORES</b>	<b>APROBADO POR:</b>  <b>DIRECTOR</b>
<b>FECHA: xaneiro 2019</b>	<b>FECHA: xaneiro 2019</b>	<b>FECHA: 29-xaneiro-2019</b>
<b>Este documento é propiedade do Colexio PP. ESCOLAPIOS quen se reseva o dereito de solicitar o seu devolución cando así se estime oportuno. Non se permite facer copia parcial ou total do mesmo, así como mostralo a empresas ou particulares sen expresaa autorización por escrito da Dirección do centro.</b>		



## ÍNDICE

### CAPÍTULO I: ASPECTOS XERAIS

#### 1. Características do contorno escolar e necesidades educativas a satisfacer

- 1.1. Contorno social, económico e cultural
- 1.2. Contorna lingüística
- 1.3. Necesidades educativas a satisfacer

#### 2. Sinais de identidade

- 2.1. Características do centro
  - 2.1.1. Infraestruturas e recursos materiais
  - 2.1.2. O alumnado
  - 2.1.3. O profesorado
  - 2.1.4. O persoal non docente
  - 2.1.5. Oferta educativa
  - 2.1.6. Horario xeral do centro
  - 2.1.7. Recursos complementarios
- 2.2. Valores, principios e fins
  - 2.2.1. Valores
  - 2.2.2. Principios de identidade
  - 2.2.3. Fins educativos
- 2.3. Obxectivos xerais
  - 2.3.1. Talante Calasancio
  - 2.3.2. Escola aberta
  - 2.3.3. Escola Cristiá de Igrexia
  - 2.3.4. A Nosa Acción educativa. Liñas metodolóxicas
  - 2.3.5. A Comunidade educativa. Clima escolar
  - 2.3.6. Valores e actitudes que orientan a nosa acción educativa
- 2.4. Prioridades de actuación

### CAPÍTULO II: DESENVOLVEMENTO CURRICULAR

#### 1. Aspectos xerais

- 1.1. Oferta educativa
  - 1.1.1. ESO
    - 1.1.1.1. Seccións bilingües
- 1.2. Adecuación dos obxectivos ao contexto socioeconómico e cultural e ao alumnado
  - 1.2.1. Obxectivos de Educación Infantil
  - 1.2.2. Obxectivos de Educación Primaria



## *Proxecto Educativo*

- 1.2.3. Obxectivos da ESO
- 1.3. Lingua vehicular das materias
- 1.4. Decisións xerais sobre a metodoloxía
  - 1.4.1. Liña metodolóxica xeral do centro
  - 1.4.2. Materiais curriculares
  - 1.4.3. Tecnoloxías aplicadas ao coñecemento (TAC)
- 1.5. Contribución da etapa á consecución das competencias básicas
- 1.6. Criterios xerais do centro sobre avaliación do alumnado
- 1.7. Criterios xerais do centro sobre promoción e titulación
  - 1.7.1. Criterios xerais de promoción
  - 1.7.2. Criterios xerais de titulación
- 1.8. Liñas xerais de atención á diversidade
  - 1.8.1. Detención temperá de necesidades educativas
  - 1.8.2. Informe de resultados das memorias
  - 1.8.3. Avaliación Inicial
  - 1.8.4. Seguimento dos alumnos durante o curso
  - 1.8.5. Test psicopedagóxicos colectivos
  - 1.8.6. Aplicación de tst psicopedagóxicos individuais
  - 1.8.7. Elaborar informes psicopedagóxicos e informes individuais
  - 1.8.8. Solicitar intervención do EOE
  - 1.8.9. Informar a o EDE sobre alumnos con NEE
- 1.9. Criterios para introducir a educación en valores nas distintas materias
- 1.10. Criterios xerais do centro para a elaboración das programacións

## **2. Obxectivos**

- 2.1 Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade
  - 2.1.1.-Medidas ordinarias
  - 2.1.2.-Reforzo educativo
  - 2.1.3.-Apoio educativo
  - 2.1.4.-Dentro da aula
  - 2.1.5.-Fora da aula
  - 2.1.6.-Medidas de aplicación extraordinarias
  - 2.1.7.-A.C.I.S.
  - 2.1.8.-Taller

## **3.- Criterios Xerais do Centro para a elaboración das programacións**



*Proxecto Educativo*

**4.-Plans e programas**

- 4.1.-Proxecto Lingüístico
- 4.2.-Proxecto Lector
- 4.3.-Plan de Integración das TIC
- 4.4.-Plan de Atención á Diversidade
- 4.5.-Plan de Orientación e Acción Titorial
- 4.6.-Plan de Reforzo para o alumnado repetidor ou con materias pendentas
- 4.7.-Plan de atención ao alumnado que non opte polo ensino de relixión

**CAPÍTULO III: NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA**

- 1. Plan de Convivencia**
- 2. Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia RRI**
- 3. Plan de Autoprotección**

**CAPÍTULO IV: PROXECTO DE XESTIÓN ECONÓMICA**

- 1. Proxecto de xestión**
  - 1.1. Reparto de responsabilidades en relación coa xestión económica
  - 1.2. Funcionamento da comisión económica
  - 1.3. Orzamento e xustificación de gastos
- 2. Plan de accións para a obtención de recursos complementarios**



colegio  
**PADRES  
ESCOLAPIOS**  
MONFORTE

Campo de la Compañía, 50  
27400 Monforte de Lemos. Lugo  
Tel.: 982400450, Fax: 982410003  
[www.escolapiosmonforte.es](http://www.escolapiosmonforte.es)  
CENTRO PRIVADO CONCERTADO



*Proxecto Educativo*

## **CAPÍTULO I**

### **ASPECTOS XERAIS**





## Proxecto Educativo

# 1. CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO ESCOLAR E NECESIDADES EDUCATIVAS A SATISFACER

## 1.1. CONTORNO SOCIAL, ECONÓMICO E CULTURAL

O Colexio Escolapios está situado no centro da cidade de Monforte, na Praza da Compañía, número 50:



O Centro atópase situado nun edificio emblemático da cidade, que mandara construír o Cardeal D. Rodrigo de Castro para que fose utilizado como centro de ensino, uso no que se mantén dende a chegada dos Xesuítas en 1593 ata os nosos días



### *Proxecto Educativo*

Dende a expulsión dos Xesuítas en 1767 ata 1873 foi utilizado por un colectivo formado por un grupo de cregos seculares e algúns catedráticos laicos, que fan uso do “Método de ensinanza ou Instrucción de Mestres”. Dito método era o empregado polas Escolas Pías da Corte, así como os libros de texto que compuxeran, e que utilizaban os PP. das Escolas Pías porque, naquel tempo, eran considerados os mellores de España.

En 1873 toman posesión do Centro os PP. Escolapios sendo D. Jacobo Luis Fitz-James Stuart, XIX Conde de Lemos, o responsable de dita chegada.

Durante a primeira década do século XX era o único centro de ensino co que contaba a comarca de Lemos. Ao seu internado acudían alumnos de outras rexións de Galicia e de provincias limítrofes.

O Centro, no correr do tempo, foise adaptando ás novas necesidades da sociedade facéndose mixto e deixa o internado no 1985. No ano 2003 toda a comunidade educativa comezou a traballar nun sistema de xestión da calidade que culminou en xuño de 2005 coa obtención do certificado de calidade pola empresa EDUQATIA, que é a única empresa acreditada en certificar exclusivamente centros de ensinanza.

Hoxe en día, segue servindo á sociedade de Monforte e comarca, que na actualidade goza dun nivel socioeconómico medio-baixo.

En Monforte de Lemos non se utiliza a área de influencia a efectos de baremación no proceso de admisión do alumnado de Educación Infantil, Primaria e



colegio  
**PADRES  
ESCOLAPIOS**  
MONFORTE

Campo de la Compañía, 50  
27400 Monforte de Lemos. Lugo  
Tel.: 982400450, Fax: 982410003  
[www.escolapiosmonforte.es](http://www.escolapiosmonforte.es)  
CENTRO PRIVADO CONCERTADO



*Proxecto Educativo*

Educación Secundaria Obrigatoria, xa que non está actualizada nin pola Inspección Educativa nin polo propio Concello da cidade





## *Proxecto Educativo*

### **1.2. CONTORNA LINGÜÍSTICA**

A cidade de Monforte é unha cidade galega bastante castelanizada. Cremos que isto se debe a diversas causas, e non facilmente explicables.

a) A presión social e política en épocas pasadas para utilizar como lingua de comunicación a lingua castelá e non a lingua galega, facendo que ésta caese en desuso ata hai pouco en que se comenzou a potenciar.

b) A ubicación xeográfica de Monforte, como porta natural a Castela.

c) A influencia do camiño de ferro, que en épocas pasadas trouxo á nosa cidade a moitas familias de fala castelá.

O Colexio cumpre a lexislación vixente relativa ó uso das linguas Galega e Castelá no ensino.

### **1.3. NECESIDADES EDUCATIVAS A SATISFACER**

O servizo das Escolas Pías de España, a través das súas obras, especialmente dos Colexios, estrutura e comprende todas as accións que poñen de manifesto a propia dimensión educativa inherente á nosa identidade.

As accións propias do noso servizo educativo estrutura as obras como lugares que den respostas educativas actualizadas e adecuadas, dende o noso Ministerio Educativo e Evanxelizador, formando parte da Misión da Igrexia e por medio da aplicación de criterios de calidade.

Como contidos do noso servizo educativo contemplamos a acción educativa en sí, xunto con diferentes planes que implica a mesma: acción titorial, orientación educativa e atención á diversidade, acción pastoral, acción social, convivencia,....aqueles que puideran deseñarse para dar resposta as novas necesidades educativas que vaian xurdindo

Considérase tamén moi importante a promoción das actividades extraescolares ou extracurriculares no ámbito escolar e como complemento do noso servizo educativo. Se procurará dispoñer sempre dunha oferta adecuada e de calidade suficiente que responda ás necesidades dos alumnos e a súa demanda



## **2. SINAIS DE IDENTIDADE**

### **2.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO**

#### **2.1.1. INFRAESTRUTURAS**

O edificio, aínda que antigo, consérvase bastante ben e está ben acondicionado para a ensinanza. As aulas son suficientemente amplas e están distribuídas da seguinte forma:

EDUCACIÓN PRIMARIA (Á SUR), cos seguintes servizos: 12 aulas de educación primaria e 3 de educación infantil, 1 de idiomas, 1 de música, 1 sala de Psicomotricidade, 1 laboratorio, 1 salón de actos con capacidade para 220 persoas, 1 sala de profesores, 1 gabinete de orientación (audición e linguaxe), 1 oratorio, 1 sala de apoio, 1 sa de usos múltiples e 2 despachos para departamentos e unha xefatura de estudos.

EDUCACIÓN SECUNDARIA (Á NORTE), cos seguintes servizos: ascensor, 8 aulas, 1 aula de tecnoloxía, 1 laboratorio, 1 sala de informática, 1 salas de música, 2 aulas de idiomas, 1 aula de educación plástica e visual, 1 aula destinada a agrupamentos específicos, 1 sala de profesores, 5 despachos adicados a administración e servizos.

EDUCACIÓN INFANTIL (Á NORTE) situado no claustro principal con 3 aulas

SERVIZOS COMÚNS: biblioteca, cociña, comedor, xerencia, secretaría, conserxería, Igrexa monumental cunha pinacoteca con dous cadros do Greco e 5 de Andrea del Sarto. Conta tamén con amplos locais para actividades extraescolares como música, debuxo, danza galega, ximnasia rítmica e judo. Como instalacións deportivas ten un pavillón polideportivo Ten ademáis tres campos de fútbol regulamentarios, unha pista de fútbol sala dúas de voleibol e unha de baloncesto. Tamén conta con dous patios interiores, con zonas cubertas e un xardín con randeeira e material diverso para os cativos máis pequenos.

No que respecta ó material didáctico é suficiente e renovase e completase anualmente.



## *Proxecto Educativo*

### **2.1.2. O ALUMNADO**

#### **Educación Infantil, Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria**

A procedencia xeográfica do alumnado circunscríbese na súa maior parte ao Concello de Monforte. Unha pequena parte do alumnado procede doutros concellos limítrofes. Estase a notar, nos últimos anos, un aumento do número de alumnos estranxeiros, maiormente latinoamericanos e unha pequena parte de orixe norteafricana

### **2.1.3. O PERSOAL DOCENTE**

O centro conta cunha plantilla de profesorado composta por:

6 profesoras titoras de Educación Infantil, doce profesores/as titores/as e cinco sen titoria de Educación Primaria e oito profesores/as titores/as e seis profesores/as sin titoría de Secundaria

### **2.1.4. O PERSOAL NON DOCENTE**

Na plantilla deste centro están integridos un conxese, unha auxiliar administrativa, un xerente, tres limpadoras e tres encargadas de cociña, ademáis dun encargado de mantemento.

### **2.1.5. OFERTA EDUCATIVA**

No Colexio PP Escolapios pódense cursar os seguintes estudos en réxime ordinario e modalidade presencial:

- Educación Infantil
- Educación Primaria
- Educación Sedundaria Obrigatoria



*Proxecto Educativo*

## 2.1.6. HORARIO XERAL DO CENTRO

As actividades lectivas desenvólvense no seguinte horario:

	Mañá		Tardes	
	ENTRADA	SAÍDA	ENTRADA	SAÍDA
<b>Ed. Infantil e Primaria</b>	10:00	13:30	15:30	17:30

	Luns		Martes – Mércores –Xoves- Venres	
	ENTRADA	SAÍDA	ENTRADA	SAÍDA
<b>ESO</b>	08:40	14:10	8:40	14:30
	15:50	17:30		

Na ESO temos dous períodos de lecer, xa que son 6 clases cada mañá, que distribúen en dúas clases, tempo de lecer, dous clases, tempo de lecer e as últimas dúas clases. O luns, como temos dúas clases pola tarde, temos tres clase, tempo de lecer e outras tres clases. Despois de comer hai outras dúas clases

Os servizos e instalacións do centro están dispoñibles para os alumnos sempre que o requiran para actividades organizadas. Para a súa concesión deberase seguir os criterios que se establezan na normativa legal.

O centro permanecerá aberto á comunidade educativa sempre que non interfiran co horario lectivo e sexa para actividades organizadas.

A Dirección autorizará o uso das instalacións solicitado por asociacións ou organizacións despois de examinar cada solicitude.

O horario de verán de cara ao público é máis reducido que nos días lectivos e será de 10:00 a 14:00 horas.



### *Proxecto Educativo*

#### **2.1.7. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

Os servizos complementarios ofertados polo Colexio PP Escolapios son os seguintes:

##### **A) Comedor escolar:**

O recinto escolar ten a disposición da comunidade educativa un comedor escolar de acordo co horario xeral do Centro, que cumpre coa normativa legal.

##### **B) Actividades extraescolares**

As actividades extraescolares, aprobadas en Consello Escolar, se desenrolarán en horario de tempo de lecer do comedor (13:35 a 14:30 ou 14:30 a 15:20) o unha vez finalizadas as actividades lectivas (17:40-19:00).



## *Proxecto Educativo*

### **2.2.-VALORES, PRINCIPIOS E FINS**

#### **2.2.1.-VALORES**

##### **A VISIÓN**

Levar adiante un proceso de profundización na identidade da Escola Calancia, co fin de coidar e potenciar o carácter propio que debemos realizar os escolapios na nosa tarefa educativa para:

1.-desenrolar a formación integral dos alumnos, garantindo a excelencia académica, avanzando na innovación pedagóxica, asegurando a pastoral como eixe vertebrador da obra educativa e fomentando envalores e compromiso coa sociedade

2.-dar resposta educativa aos nenos e xóvenes que corren maior risco de exclusión

Os obxectivos xerais que vertebran e orientan todas as nosas planificacións e fundamentan o Proxecto Educativo Integral da Provincia Betania, son os seguintes:

-atender aos nenos e xóvenes dende os primeiros anos, especialmente aos pobres, ofrecendo unha educación integral baseada na Piedade e nas Letras, segundo o modelo da escola popular cristiá

-Dispoñer de ambientes educativos acolledores, positivos e integradores que respondan ás necesidades educativas dos alumnos que nos son confiados

-Promover nas nosas comunidades educativas a formación, a participación e a creatividade, tanto no campo da pedagogía coma no da Pastoral, co fin de dar respostas coherentes ás realidades de cada momento e de cada contexto

##### **O estilo Calasancio do noso servizo educativo**

As Escolas Pías, coma institución relixiosa fundada por San José de Calasanz, posúen un estilo propio, que denominamos estilo escolapio ou calasancio e que podemos definir como o modo e a forma de levar a cabo a nosa Misión nun Colexio das Escolas Pías. Trátase de atopar o que é característico dos escolapios coa nosa práctica educativa nos Colexios

Abertos aos signos dos tempos e as necesidades das persoas, os nosos centros procuran imprimir as cualidades que distinguiron á Escola de Calasanz: no clima escolar,





### *Proxecto Educativo*

nas intencións educativas, nos principios metodolóxicos e na identidade e formación dos educadores

O noso estilo educativo responde ás características peculiares da pedagogía calasancia, entre as que cabe destacar:

- a cercanía, aceptación e respecto cara ás persoas, dende o diálogo e a sinceridade
- a disponibilidad para acompañar aos alumnos na súa evolución, crecemento e maduración
- a cordialidade, confianza e sencillez no trato
- a educación preventiva
- a coeducación
- a apertura á participación dos alumnos e familias na vida dos Colexios

### **A Comunidade Educativa e os seus compoñentes**

Cada colexio se configura como unha Comunidade Educativa integrada polo conxunto de persoas que se relacionan, se implican, comparten e enriquecen en beneficio do proxecto común definido. Son membros da Comunidade Educativa a Entidade Titular, os alumnos, os profesores, as familias, o persoal de administración e servizos e outros colaboradores

#### **Os alumnos**

Os alumnos son o centro da acción educativa en cada Colexio e se lles considera elementos activos da súa propia educación. Se fomenta en todo momento un clima de alegría, liberdade, esforzo e participación na vida do centro e, ao mesmo tempo, de respecto mutuo que favoreza o seu desenvolvemento integral. Por todo elo tense especial coidado por crear unhas boas relacións dentro de cada grupo; por fomentar a participación e a colaboración no goberno do centro; por propiciar un clima de respecto e traballo; e unha progresiva educación e celebración da Fe. Así mesmo, se atendo ao antigos alumnos, mantendo con eles unha estreita vinculación e favorecendo a súa asociación



## *Proxecto Educativo*

### **Educadores**

Os educadores e educadoras, seguindo a Calasanz, están chamados a ser “cooperadores da verdade”. Son os colaboradores na formación integral dos alumnos, forman parte da Comunidade Educativa e traballan en colaboración cos pais, e en grupo, para coñecer, aceptar e axudar ao alumno e ao grupo e orientalos cara a consecución dos obxectivos do centro

Na súa selección tense en conta a ideonidade para a efectiva realización do noso Carácter Propio e na opción de formación permanente. No desenrolo da súa función, na relación cos alumnos, procuran crear un ambiente educativo, un clima de liberdade que facilite a responsabilidade e o traballo, baseándose na preparación das actividades e situacións de aprendizaxe, o respecto á diversidade dos alumnos evitando calquera tipo de discriminación

### **Familias**

Os pais, nais e titores dos alumnos son os primeiros educadores e os axentes máis efectivos na educación dos seus fillos. É por elo que familia e colexio deben coordinarse sempre nunha mesma liña educativa sen desautorizarse ou contradecirse mutuamente, fomentando a participación e integración nas actividades educativas e nos órganos colexiales do centro. Así mesmo se lles proporciona a necesaria axuda para que poidan realizar cada vez mellor a súa propia tarefa de educadores fundamentais na familia. Se facilita o movemento asociativo das familias de acordo coa natureza propia do centro e na medida do posible se contribuirá a súa formación

### **Persoal de Administración e Servizo**

Todo o persoal non docente traballa no colexio dende calquera función e/ou punto de servizo, teñan tamén unha importante misión no conxunto da Comunidade Educativa. Coa súa dedicación e actitudes personais colaboran nos obxectivos do centro para crear un ambiente adecuado e agradable que facilite a tarefa educativa. A importancia e o valor deste traballo se da a coñecer esixindo a colaboración e o respecto necesarios a todos os restantes membros da Comunidade Educativa. Así mesmo se atenderá con esmero a súa preparación e formación, en orde a súa maior integración na marcha educativa colexial.



colegio  
**PADRES  
ESCOLAPIOS**  
MONFORTE

Campo de la Compañía, 50  
27400 Monforte de Lemos. Lugo  
Tel.: 982400450, Fax: 982410003  
[www.escolapiosmonforte.es](http://www.escolapiosmonforte.es)  
CENTRO PRIVADO CONCERTADO



## *Proxecto Educativo*

### **Relixiosos Escolapios**

Os Relixiosos Escolapios, a través da súa misión de Pastoral, educativa, directiva e institucional no colexio, contribuirán ao desenrolo do Proxecto Educativo do Centro, e favorecerán a vivencia e realización do Carisma e Ministerio Calasancios, de acordo coas súas funcións, cargos e a súa presenza significativa.



## *Proxecto Educativo*

### **2.2.2.-PRINCIPIOS DE IDENTIDADE**

#### **Atención no alumnado**

O alumno e a alumna son o principal núcleo de atención e son os protagonistas da súa propia aprendizaxe.

#### **Acción Educativa (Concepto y estilo de educación)**

A acción educativa nun centro das Escolas Pías terá como marco o seguinte concepto de educación: “a intensificación ordenada do proceso de desenvolvemento do neno como persoa, no físico, afectivo, social, moral e cristiá”. Polo tanto, calquera proxecto educativo ou acción educativa ten que procurar a formación integral da persoa, garantir o crecemento e o desenvolvemento da mesma en todas as súas dimensións, e contribuir á conformación da personalidade coma manifestación das súas propias capacidades.

O anteriormente exposto é inconcibible sen recoñecer aos alumnos como o centro de calquera acción educativa e coma axentes da súa propia educación. Os alumnos son fillos de Deus e persoas con capacidade para protagonizar o seu proceso educativo. A acción educativa das nosas escolas aspira a:

- dar resposta a unhas obxectivos
- comprender unhas contidos, procedementos e actitudes
- usar unhas medios e materiais didácticos
- aplicar unhas instrumentos de avaliación
- favorecer un clima e unha organización da aula
- ter en conta o desenvolvemento e os resultados dos procesos

#### **Lingua de Aprendizaxe**

A lingua galega, como lingua propia do país, é lingua oficial do centro. Dado o seu perfil de lingua débil e minorada entre a comunidade educativa do centro e a cidadanía de Monforte de Lemos en xeral, procurarase que esta sexa a lingua ambiental e, na medida do posible, a lingua vehicular das actividades do centro. Ademais e debido a súa importancia, tentamos potenciar o inglés por medio do Programa BEDA e por ser centro examinador de exames Cambridge



## *Proxecto Educativo*

### **Profesionalidade e intención de mellora**

Seguindo os postulados do noso fundador San José de Calasanz, a Escola Pía se caracteriza pola innovación educativa, pola mellora continua dos procesos de ensinanza-apendizaxe facendo protagonista ao alumno dese proceso, intentado crear unha escola de preguntas e non de respostas na que os nenos sexan os protagonistas da súa formación

#### **Calidade**

Queremos:

-unha escola de calidade na que os nenos, dentro das súas posibilidades, saian formados académica e humanamente e que destaquen por unhas valores de respecto, responsabilidade, solidariedade, sentido democrático, e cristián e crítico da persoa

-reducir o fracaso escolar

-unha implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos en coordinación cos educadores

-que os nosos alumnos estean orgullosos de pertencer a este centro

-lograr un nivel óptimo de satisfacción no alumnado, tanto a nivel académico como persoal

-Conseguir unha boa escola con talante calasancio de axuda ao máis necesitado

-favorecer un desenrolo das intelixencias múltiples do alumno a través das novas metodoloxías

Aspiramos a que se nos perciba coma un centro que ofrece:

-atención personalizada tanto aos alumnos coma ás familias

-boa preparación académica e humana

-unha organización eficaz

-actividades culturais tales coma: intercambios, concertos, retiros, saídas á natureza, todo elo como reforzo á preparación académica e humana

-un profesorado actualizado

-actividades deportivas e extraescolares ou extracurriculares coma complemento e unha alternativa de ocio e saúde



### *Proxecto Educativo*

- un centro adaptado ás novas tecnoloxías
- reducir o fracaso escolar

### **Equidade**

Equidade na educación, que garante a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade. A educación é o instrumento máis poderoso para compensar as desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, especialmente as que se derivan de calquera tipo de discapacidade.

Asegurarase a inclusión educativa. Garantirase a igualdade de dereitos e oportunidades que axuden a superar calquera discriminación. Garantirase a accesibilidade universal.

### **2.2.3.-FINS EDUCATIVOS**

#### **Formación plena**

Proporcionar ao alumnado unha formación plena que lle permita conformar a súa propia e esencial identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á vez o coñecemento e a valoración ética e moral da mesma. Tal formación plena irá dirixida ao desenvolvemento da súa capacidade para exercer, de xeito crítico e nunha sociedade axioloxicamente plural, a liberdade, a tolerancia e a solidariedade.

#### **Transmisión de valores**

Transmitir e exercitar os valores que fan posible a vida en sociedade, singularmente o respecto a todos os dereitos e liberdades fundamentais e adquirir os hábitos de convivencia democrática e do respecto mutuo. Educar na loita contra a discriminación e a desigualdade, sexan estas por razón de orixe, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra de índole social ou persoal.

#### **Preparación para a cidadanía responsable**

Preparar para a participación responsable nas distintas actividades e instancias sociais. A madurez das sociedades derívase, en moi boa medida, da súa capacidade para





colegio  
**PADRES  
ESCOLAPIOS**  
MONFORTE

Campo de la Compañía, 50  
27400 Monforte de Lemos. Lugo  
Tel.: 982400450, Fax: 982410003  
[www.escolapiosmonforte.es](http://www.escolapiosmonforte.es)  
CENTRO PRIVADO CONCERTADO



### *Proxecto Educativo*

integrar, a partir da educación e co concurso da mesma, as dimensións individual e comunitaria.

#### **Formación e instrución para unha sociedade en permanente evolución**

Dar a formación, a instrución e a transmisión de coñecementos e saberes que aseguren unha óptima adecuación de resposta ás crecentes e cambiantes necesidades da sociedade do coñecemento.



## *Proxecto Educativo*

### **2.3.-OBXECTIVOS XERAIS**

Tendo en conta os anteditos fins educativos, o COLEXIO ESCOLAPIOS perseguirá coa súa práctica educativa os seguintes obxectivos xerais:

#### **2.3.1.-TALANTE CALASANCIO**

1. Educación integral que une a cultura á dimensión trascendente: PIEDADE E LETRAS
2. Respeito e aceptación sinxela da persoa como medio para o desenvolvemento da felicidade do neno.
3. Colaboración na reforma e transformación da sociedade a través da mesma dinámica da escola.
4. Preferencia polas clases populares e fundamentalmente polos máis necesitados e marxidados.
5. Clima de sinxeleza e achegamento, para facilitar a educación preventiva.
6. Innovación didáctica: harmonía entre aprendizaxe e investigación.

#### **2.3.2.-ESCOLA ABERTA**

7. Educación dende e para a vida.
8. Educación pluralista e non discriminatoria para paliar as diferencias sociais.
9. Escola que facilita o discernimento dos valores –o ben, a verdade, a xustiza, a solidariedade, a paz, a non violencia- para asimilalos e practicalos.
10. Integración dos valores do medio onde se ubica a escola, sobre todo os que fan referencia ó grupo da orixe e pertencia.
11. Educación non autoritaria dende a participación na Comunidade Educativa.

#### **2.3.3.-ESCOLA CRISTIÁ DE IGREXA.**

12. Lugar de igrexa onde se posibilita o desenvolvemento da mensaxe cristiá e da vida sacramental.
13. Valoración dos sacramentos con forma de crecemento persoal e cristián, dentro do proceso de evanxelización.
14. Cultiva a devoción á Nai de Deus, como prototipo do crente cristián.
15. Propón a imitación de San José de Calasanz, quen soubo dar respostas dende a fe ás necesidades do seu tempo.
- 16.

#### **2.3.4.-A NOSA ACCIÓN EDUCATIVA. LIÑA METODOLÓXICA.**

1. Unha metodoloxía aberta e flexible, tendo en conta o entorno, que sexa de utilidade para os alumnos con maiores carencias.
2. Unha educación personalizada, destacando a singularidade e a creatividade dos alumnos.
3. Que poña o alicerce nos procedementos e actitudes, non só nos contidos.
4. A educación como búsqueda dunha formación integral máis aló da aula.
3. Que realiza avaliacións periódicas dos proxectos curriculares e promove a autoavaliación como estímulo e orientación no proceso educativo



## *Proxecto Educativo*

### **2.3.5.-A COMUNIDADE EDUCATIVA. CLIMA ESCOLAR.**

Fundaméntase nos seguintes aspectos:

1. Unha comunidade educativa cristiá e calasancia na que todos os seus membros se integran en harmonía, poñendo en común ilusións, obxectivos e realizacións.
2. O que facer da Comunidade Educativa basease na responsabilidade compartida e na participación ordenada nos órganos de goberno.
3. O profesor como "COOPERADOR DA VERDADE" e que vai máis aló da simple transmisión de coñecementos.
4. O alumno é o centro da tarefa educativa, suxeito e protagonista da súa propia formación e membro activo da Comunidade Educativa.
5. Corresponsabilidade da familia cos obxectivos e criterios educativos do Centro.

### **2.3.6.-VALORES E ACTITUDES QUE ORIENTAN A NOSA ACCIÓN EDUCATIVA.**

1. Concepto cristián do home.
2. Compromiso coa sociedade.
3. Educación para a paz, a xustiza, a solidariedade e o respecto aos demais, a sí mesmo e ó medio.
4. Responsabilidade, sentido do deber e do traballo.
5. Educación para a liberdade.
6. Educación para espírito crítico.

### **2.4.-PRIORIDADES DE ACTUACIÓN**

Vista a realidade social e cultural do alumnado do centro, e os valores, principios e fines establecidos anteriormente, as súas prioridades de actuación concréntanse nos seguintes puntos esenciais:

#### **Compensación das desigualdades**

Aplicaranse todas as medidas compensatorias necesarias co fin de asegurar a igualdade de oportunidades do alumnado do centro, independentemente da súa orixe familiar, da súa contorna social e cultural, e das súas capacidades económicas.



## *Proxecto Educativo*

### **Atención á diversidade**

Aplicaranse as medidas educativas necesarias de atención á diversidade, que posibiliten ao alumnado desenvolver ao máximo as súas capacidades e competencias.

### **Preparación para os retos da sociedade do coñecemento**

Utilizaranse todos os medios e recursos necesarios para preparar ao alumnado de xeito que sexa quen de enfrontarse a unha sociedade tecnolóxica e en contínuo cambio. A sociedade actual xa non é simplemente unha sociedade da información, senón do coñecemento. Isto implica que o cidadán debe ser quen de buscar a información, procesala e crear novo coñecemento de valor a partir dela.

### **Valoración da lingua galega**

Utilizarase preferentemente a lingua galega e formarase ao alumnado na valoración como lingua propia e identitaria de Galicia, co fin de que deixe de ser a lingua minorada e débil fronte ao castelán.

### **Formación en linguas estranxeiras**

Motivarase ao alumnado para que se forme polo menos nunha lingua estranxeira e, de ser posible en dúas, dadas as necesidades de mobilidade no mercado laboral ao que deberán acceder nun futuro.



colegio  
**PADRES  
ESCOLAPIOS**  
MONFORTE

Campo de la Compañía, 50  
27400 Monforte de Lemos. Lugo  
Tel.: 982400450, Fax: 982410003  
[www.escolapiosmonforte.es](http://www.escolapiosmonforte.es)  
CENTRO PRIVADO CONCERTADO



*Proxecto Educativo*

## CAPÍTULO II

### DESENVOLVEMENTO CURRICULAR



## Proxecto Educativo

### 1.-ASPECTOS XERAIS

#### 1.1. OFERTA EDUCATIVA

##### 1.1.1. ESO

O centro ten concertadas seis clases de Educación Infantil, doce de Educación Primaria e oito de Educación Secundaria Obrigatoria.

Debido ao seu carácter comprensivo e obrigatorio, nas ensinanzas da ESO hai pouca optatividade, agás nos curso 3º e 4º, que teñen un carácter terminal pero tamén propedéutico para o Bacharelato.

A oferta con respecto ás materias que pode elixir o alumnado, en réxime ordinario, é a seguinte:

##### 1º ESO

- **Segunda lingua estranxeira:**
  - *Francés*
- **Materia de libre configuración do centro:**
  - *Afondamento de inglés*
- **Ensinanzas relixiosas :**
  - *Relixión católica*

##### 2º ESO

- **Segunda lingua estranxeira:**
  - *Francés*
- **Materia de libre configuración do centro:**
  - *Afondamento de inglés*
- **Ensinanzas relixiosas** (elixirase unha dentre as seguintes):
  - *Relixión católica*

##### 3º ESO

- **Matemáticas** (elixirase unha dentre as seguintes):
  - *Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas*
  - *Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas*
- **Materias optativas** (elixirase unha dentre as seguintes):
  - *Segunda lingua estranxeira (Francés)*
  - *Cultura clásica*





*Proxecto Educativo*

- **Ensinanzas relixiosas** (elixirase unha dentre as seguintes):
  - *Relixión católica*

**4º ESO**

- **Ensinanzas relixiosas** (elixirase unha dentre as seguintes):
  - *Relixión católica*
- **O alumnado debe elixir unha destas opcións:**
  - *Ensinanzas académicas*
  - *Ensinanzas aplicadas*

A oferta académica segundo a opción elixida, é a seguinte:

- Na columna da esquerda, escollerase unha opción:

<b>OPCIÓN</b>	<b>OPCIÓN DE MATEMÁTICAS (segundo a opción escollida)</b>	<b>TRONCAL DE OPCIÓN (elixir 1 materia de cada columna, dentro da opción escollida)</b>	
---------------	---	---	--

<input type="checkbox"/> <b>Ensinanzas académicas</b> (iniciación ao Bacharelato)	<i>Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas</i>	<input type="checkbox"/> <i>Bioloxía e xeoloxía</i> <input type="checkbox"/> <i>Economía</i>	<input type="checkbox"/> <i>Física e química</i> <input type="checkbox"/> <i>Latín</i>
--	--	---	---

<input type="checkbox"/> <b>Ensinanzas aplicadas</b> (iniciación á FP)	<i>Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas</i>	<input type="checkbox"/> <i>Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional</i> <input type="checkbox"/> <i>Tecnoloxía</i>	<input type="checkbox"/> <i>Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial</i>
---	---	---	--

AS DE OPCIÓN e as ensinanzas relixiosas pódense elixir independentemente da opción escollida, respectando a indicación seguinte:

- Cómpre elixir 3 materias (1 en cada columna)



*Proxecto Educativo*

<b>Elixir 3 materias (6h. en total)</b>			
<b>OPCIÓN</b>	<b>ESPECÍFICAS DE OPCIÓN (elixir 1 materia de cada columna)</b>		<b>ENSINANZAS RELIXIOSAS (elixir 1 materia)</b>
<b>Para todas as opcións</b>	<input type="checkbox"/> <i>Educación plástica, visual e audiovisual</i> <input type="checkbox"/> <i>Filosofía</i> <input type="checkbox"/> <i>Cultura científica</i> <input type="checkbox"/> <i>Música</i>	<input type="checkbox"/> <i>2ª Lingua estranxeira: Francés</i> <input type="checkbox"/> <i>TIC</i> <input type="checkbox"/> <i>Cultura clásica</i>	<input type="checkbox"/> <i>Relixión</i> <input type="checkbox"/> <i>Valores éticos</i>



### **1.1.1.1. SECCIÓNS BILINGÜES**

Enténdese por unha Sección Bilingüe un grupo de alumnos/as que reciben as ensinanzas dunha determinada materia dun modo bilingüe, é dicir utilizando como lingua vehicular unha lingua estranxeira (L2) ademais da lingua propia (L1).

No Colexio PP. Escolapios se veñen impartindo desde o curso 2008/2009 unha seccións bilingüe de Educación Artística en inglés. Utilízase a lingua estranxeira en todo momento xa que a metodoloxía vai parexa coa materia de inglés e o sistema de aprendizaxe, chamado AMCO

Con esta oferta preténdese colaborar na capacitación lingüística do alumnado, e non entrar a competir co ensino noutras linguas (galego ou castelán). Todos os estudos sociolingüísticos inciden no feito de que aprender máis idiomas favorece a adquisición de competencias lingüísticas en cada un deles. Ao ser o inglés a primeira lingua estranxeira estudada polos alumnos/as do centro, parece lóxico utilizala na sección bilingüe para colaborar na súa aprendizaxe formal.



## *Proxecto Educativo*

### **1.2.-ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS AO CONTEXTO SOCIOECONÓMICO E CULTURAL E AO ALUMNADO**

#### **1.2.1 OBXECTIVOS DE EDUCACIÓN INFANTIL**

##### **ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL.**

- Formarse unha autoimaxe axustada e positiva, identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e acadando maior autonomía persoal.
- Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser capaces de expresalos e comunicalos, así como identificar e respectar tamén os das outras persoas.
- Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda.
- Adecuar o propio comportamento ás necesidades e requirimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración e mais evitando a adopción de comportamentos de submisión ou dominio.
- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.
- Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.
- Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais: idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas...
- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

##### **ÁREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO.**

- Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e mais mostrando interese polo seu coñecemento.
- Observar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do contorno e relacionalos cos factores que os producen, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade na súa conservación.
- Iniciarse na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións, para anticipar probables efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados.
- Relacionarse coas demais persoas, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida.



### *Proxecto Educativo*

- Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertenza baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade a que pertencen.
- Apreciar e facer seus algúns elementos significativos propios da tradición e da cultura galega -expresións artísticas, costumes, festas populares, folclore, gastronomía, etc.-.
- Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e mais establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.
- Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando, etc.

### ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo.
- Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais -o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfacto e o tacto- como elementos xenuínos da comunicación humana.
- Comprender que as palabras, escrituras indeterminadas, números, notas musicais, iconas e outros símbolos e signos convencionais poden representar os pensamentos, experiencias, coñecementos, ideas e intencións das persoas.
- Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos -expresar sentimentos, emocións, desexos, ideas...- con diferentes interlocutores e/ou interlocutoras e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.
- Comprender a intencionalidade comunicativa doutras nenas e doutros nenos, así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara ás linguas.
- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas e mostrar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.
- Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos.
- Comprender, reproducir, reescribir -tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita-, e recrear textos. Facer uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer.
- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar... desde as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos...
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a través das diferentes manifestacións e adquirindo sensibilidade estética.
- Desenvolver o sentir de autoconfianza nas producións artísticas persoais, amosando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas.
- Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC -ordenadores, a internet, encerado dixital interactivo, escáner, vídeo ...- como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.

#### **1.2.2.-OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA**

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.



### *Proxecto Educativo*

- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

### **1.2.3.-OBXECTIVOS DA ESO**

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns





### *Proxecto Educativo*

dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar



### Proxecto Educativo

as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### 1.3. LINGUA VEHICULAR DAS MATERIAS

En cumprimento do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, a lingua vehicular en que se imparten as materias ata o curso 2018/2019 será a seguinte:

#### 1º EDUCACIÓN PRIMARIA:

ÁREA	LÍNGUA	HORAS SEMANAIS
Matemáticas	<i>L. Castelá</i>	5
Lingua Castelá	L. Castelá	4
Educación Artística (Música)	L. Castelá	1
Educación Artística (Plástica)	L. Castelá/inglés	1



*Proxecto Educativo*

Relixión	L. Castelá	1
Lingua Galega	L. Galega	4
Sociais	L. Galega	3
Naturais	L. Galega	2
Educación Física	L. Galega	2
L. Inglesa	L. Galega	2

% LINGUA CASTELÁN: 12/25

% LINGUA GALEGA: 13/25

**2º EDUCACIÓN PRIMARIA:**

ÁREA	LÍNGUA	HORAS SEMANAIS
Matemáticas	<i>L. Castelá</i>	5
Lingua Castelá	L. Castelá	4
Relixión	L. Castelá	2
Educación Artística (Música)	L. Castelá	1
Educación Artística (Plástica)	L. Castelá/inglés	1
Lingua Galega	L. Galega	4
Naturais	L. Galega	2
Sociais	L. Galega	2
Educación Física	L. Galega	2
L. Inglesa	L. Galega	2

% LINGUA CASTELÁN: 13/25

% LINGUA GALEGA: 12/25



*Proxecto Educativo*

Distribución horaria no primeiro ciclo é 50% Galego e 50 Castelá.

**3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

ÁREA	LÍNGUA	HORAS SEMANAIS
Matemáticas	<i>L. Castelá</i>	4
Lingua Castelá	L. Castelá	4
Música	L. Castelá	1
Plástica	L. Castelá/ingés	1
Relixión	L. Castelá	1
Educación Física	L. Galega	2
Lingua Galega	L. Galega	4
Sociais	L. Galega	3
Naturais	L. Galega	2
L. Inglesa	L. Galega	3

% LINGUA CASTELÁN: 11/25

% LINGUA GALEGA: 14/25

**4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

ÁREA	LÍNGUA	HORAS SEMANAIS
Matemáticas	<i>L. Castelá</i>	4
Lingua Castelá	L. Castelá	4



*Proxecto Educativo*

Música	L. Castelá	1
Educación Física	L. Castelá	2
Relixión	L. Castelá	1
Plástica	L. Galega/inglés	1
Lingua Galega	L. Galega	4
Sociais	L. Galega	2
Naturais	L. Galega	2
L. Inglesa	L. Galega	3
Libre Configuración	L. Galega	1

% LINGUA CASTELÁN: 12/25

% LINGUA GALEGA: 13/25

Distribución horaria no Segundo ciclo: 50% Galego e 50% Castelá

**5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

ÁREA	LÍNGUA	HORAS SEMANAIS
Matemáticas	L. Castelá	5
Lingua Castelá	L. Castelá	4
Relixión	L. Castelá	1
Música	L. Castelá	1
Educación Física	L. Castelá	2
Plástica	L. Galega/inglés	1
Lingua Galega	L. Galega	4
Sociais	L. Galega	2
Naturais	L. Galega	2
L. Inglesa	L. Galega	3



*Proxecto Educativo*

% LINGUA CASTELÁN: 13/25

% LINGUA GALEGA: 12/25

**6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

ÁREA	LÍNGUA	HORAS SEMANAIS
Matemáticas	<i>L. Castelá</i>	5
Lingua Castelá	L. Castelá	3
Relixión	L. Castelá	1
Música	L. Castelá	1
Educación Física	L. Castelá	2
Lingua Galega	L. Galega	3
Sociais	L. Galega	3
Naturais	L. Galega	2
Libre configuración	L. Galega	1
L. Inglesa	L. Galega	3
Plástica	L. Castelá/ingés	1

% LINGUA CASTELÁN: 12/25

% LINGUA GALEGA: 13/25

Distribución horaria no Terceiro Ciclo: L.Castelá 50% e L- Galega: 50%

**EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:**

A distribución lingüística nesta etapa das distintas áreas é como sigue:



*Proxecto Educativo*

**1º ESO**

ÁREA	LÍNGUA	HORAS SEMANAIS
Matemáticas	L. Castelá	5
Lingua Castelá	L. Castelá	4
Educación Plástica y Visual	L. Castelá	2
Relixión	L. Castelá	1
Titoría	L. Castelá	1
Lingua Inglesa	L. Castelá	3
Libre Configuración	L. Galego	1
Lingua Galega	L. Galega	4
Bioloxía e Xeoloxía	L. Galega	4
Xeografía e Historia	L. Galega	3
Educación Física	L. Galega	2
Lengua Francesa	L. Galega	2

% LINGUA CASTELÁN: 16/32

% LINGUA GALEGA: 16/32

**2º ESO**

ÁREA	LÍNGUA	HORAS SEMANAIS
Matemáticas	L. Castelá	5
Lingua Castelá	L. Castelá	3
Relixión	L. Castelá	1





*Proxecto Educativo*

Educación Física	L. Galega	2
Tecnoloxía	L. Castelá	3
Lengua Inglesa	L. Castelá	3
Libre Configuración	L. Galega	1
Titoría	L. Galega	1
Lingua Galega	L. Galega	3
CC Sociais	L. Galega	3
CC Naturais	L. Galega	3
Educación Musical	L. Galega	2
Física e Química	L. Castelá	2
Lengua Francesa	L. Galega	2

% LINGUA CASTELÁN: 16/32

% LINGUA GALEGA: 16/32

**3º ESO**

ÁREA	LÍNGUA	HORAS SEMANAIS
Matemáticas académicas	L. Castelá	4
Matemáticas aplicadas	L Castelá	4
Lingua Castelá	L. Castelá	3
Educación Musical	L. Castelá	2
Física e Química	L. Castelá	2
Lengua Inglesa	L. Castelá	3
Relixión	L. Castelá	1
Titoría	L. Galega	1
Tecnoloxía	L. Castelá	2



*Proxecto Educativo*

Educación Física	L. Galega	2
Lingua Galega	L. Galega	3
Bioloxía e Xeoloxía.	L. Galega	2
CC Sociais	L. Galega	3
EPV	L. Galega	2
Lengua Francesa	L. Galega	2

% LINGUA CASTELÁN: 15/32

% LINGUA GALEGA: 17/32

**4º ESO**

ÁREA	LÍNGUA	HORAS SEMANAIS
Matemáticas académicas	L. Castelá	4
Lingua Castelá	L. Castelá	3
Educación Musical	L. Castelá	3
Latín	L. Castelá	3
Física e Química	L. Castelá	3
Lengua Inglesa	L. Castelá	3
Economía	L. Galega	2
Iniciativas emprendedoras	L. Castelá	3
Relixión	L. Castelá	1
Tecnoloxía (TIC)	L. Castelá	3
Titoría	L. Galega	1
Educación Física	L. Galega	2



*Proxecto Educativo*

Lingua Galega	L. Galega	3
Bioloxía e Xeoloxía.	L. Galega	3
CC Sociais	L. Galega	3
EPV	L. Galega	3
Lengua Francesa	L. Galega	3
Filosofía	L. Galega	3

% LINGUA CASTELÁN: 25/50

% LINGUA GALEGA: 24/50

Distribución horaria na ESO: 50% L.Castelá e 50% L. Galega.

## **1.4. DECISIÓNS XERAIS SOBRE A METODOLOXÍA**

### **1.4.1. LIÑA METODOLÓXICA XERAL DO CENTRO**

O Colexio pertence á Provincia de Betania na que se está a implantar o Marco Pedagóxico de Referencia para todos os centros Escolapios de dito grupo. A proposta se centra en facilitar unha reflexión necesaria e as accións consecuentes nos claustros de Infantil, Primaria e Secundaria para implementar a aprendizaxe globalizadora no currículo a partir dun equilibrio entre formación, de todo punto necesaria , e accións na aula, baseadas na creatividade e a boa praxis do profesorado.

Os obxectivos están na liña de propoñer que se evolucione na implementación do currículo para todos os colexios co fin de flexibilizalo e de propiciar o asesoramento definitivo dun traballo de aprendizaxe globalizado, interdisciplinar e competencial en todas as etapas. Esta implementación ten que favorecer a aposta pola inclusión.



### *Proxecto Educativo*

A didáctica de traballo nas aulas ten que propiciar o desenvolvemento das competencias. Para elo temos que plantexar o aprendizaxe-ensinanza como un proceso que aporte sentido ás tarefas e actividades encomendadas, que se desvele o interese do alumnado, se plantexe a súa zoa de desenvolvemento próximo, e opte decididamente por actividades que faciliten a aprendizaxe significativa e a construción do seu coñecemento.

Se buscará crear espazos para construír saberes contextualizados, formar en competencias, partindo da cooperación na interacción do equipo e desenvolver plenamente a idea didáctica nacida do concepto de educación integral. Proponse unha estrutura adaptable da distribución do currículo no espazo e no tempo que posibilite didácticas globalizadoras con recursos metodolóxicos que permitan o deseño, a programación e a avaliación dende unha concepción integrada e global das diferentes áreas no proceso aprendizaxe—ensinanza.

Metodolóxicamente plantexamos:

-unhas formas de traballo interdisciplinares e globalizadoras que:

-ademáis do traballo específico de cada área, comporten o traballo globalizado integrando varias áreas

-poñer en práctica no contexto real as aprendizaxes das diversas áreas

-axudar ao alumnado a detectar problemas interesantes e a buscar solucións

-fomentar o traballo en equipo e ao mesmo tempo, a atención á diversidade

-un traballo por competencias, para entender o mundo e actuar a través das actitudes e habilidades da nosa forma de facer escola que:

-potencie a formulación de preguntas, a reflexión activa, a análise e a síntese

-axudar a transferir coñecemento, para aplicalo a contextos diferentes e en continuo cambio

-privilexie a competencias básicas, incorporando as que se inclúan no traballo disciplinar

-ter un carácter útil e práctico, conectado coas vivencias do alumno

-un carácter inclusivo das propostas didácticas que:

-garantice o progreso de todos e cada un dos alumnos



### *Proxecto Educativo*

- permita a todo o alumnado o aporte, participando de acordo cas posibilidades de cada un
- organizar a tarefa de forma que o alumnado se poida axudar mutuamente
- asegurar á vez o traballo e as aprendizaxes individuais coas dinámicas e actitudes do traballo de equipo
- axudar a que cada alumno de descubra como é, coñeza as súas mellores cualidades e entenda as súas marxes de mellora

#### **1.4.2. MATERIAIS CURRICULARES**

Para levar adiante o noso Marco Pedagóxico, os materiais utilizados deberán cumprir as directrices marcadas no mesmo: o tempo fixado para a globalización e interdisciplinabilidade e as condicións, características, procesos de traballo e avaliación.

Así se asegura que a proposta fixe no despliegue curricular, o traballo de aprendizaxe globalizador e interdisciplinar, e a didáctica de Aprendizaxe-Ensinanza dirixida ao desenvolvemento das competencias

#### **ORGANIZACIÓN POR ETAPAS**

Para a organización curricular de cada unha das etapas se concreta un tanto por cen mínimo de adicación temporal ao traballo interdisciplinar. Igualmente se destallan liñas ou aspectos de aplicación relevantes para cada etapa

As especificacións para cada unha das etapas se concreta para os recursos metodolóxicos que se consideran máis adecuados, e as áreas/materias/módulos/ámbitos principalmente nas propostas didácticas de aula

En Educación infantil, os recursos metodolóxicos na aula:

- son adecuados os diversos recursos metodolóxicos propostos adaptándose ao nivel de cada aula
- principalmente o traballo por proxectos e a aprendizaxe baseado en problemas ten que facilitar que os alumnos formulen preguntas, se planteen hipóteses e busquen solucións
- non se ten que confundir o traballo por proxectos con propostas de centro de interese que poidan aglutinar as áreas de maneira inconexa sen interrelación real

-a proposta mínima será dun 50% do tempo total adicado a innovación educativa

En Educación Primaria, os recursos metodolóxicos na aula:

- son adecuados todos os recursos metodolóxicos propostos adaptándose ao nivel de cada curso
- igualmente, a investigación, o plantexamento e comprobación de hipóteses e a verificación de resultados poden ser recursos metodolóxicos útiles para o traballo na aula
- Se considera adecuado traballar na aprendizaxe e servizo a partir de 3º de primaria



### *Proxecto Educativo*

-é importante que alumnado e profesorado integren progresivamente a estrutura da secuencia do recurso que se empregue seguindo cada un dos seus pasos

-a proposta mínima se sitúa entre o 25% e o 50% do tempo total adicado a innovación educativa

-Na ESO son adecuados todos os recursos metodolóxicos popostos para calquera dos cursos. A variedade de recursos metodolóxicos aporta riqueza porque permite que o alumnado traballe en contextos e situacións de aprendizaxe diversificadas

-É importante que alumnado e profesorado integren prograsivamente a estrutura da secuencia dos recursos metodolóxicos que se empreguen seguindo cada un dos pasos

-O alumnado terá que ir consolidando, progresivamente durante a etapa, a capacidade de traballar e de aprender autónomamente, desenrolándose competentemente para percibir complexidades nos problemas e aportar solucións adecuadas ao contexto. Considérase imprescindible traballar o Aprendizaxe e Servizo de forma organizada

-A proposta mínima se sitúa no 25 % do total do tempo total adicado a innovación educativa

### **1.4.3. TECNOLOXÍAS APLICADAS AO COÑECEMENTO (TAC)**

No Colexio PP. Escolapios tense como liña metodolóxica fundamental a utilización das *Tecnoloxías Aplicadas ao Coñecemento* (TAC), que é un concepto moito máis ambicioso cas antigamente denominadas *Novas Tecnoloxías* ou *Tecnoloxías da Información e da Comunicación* (TIC).

Como consecuencia, utilizaranse os amplos recursos tecnolóxicos dispoñibles no centro:

- Ultraportátiles do alumnado en todas as aulas de 5º, 6º, 1º e 2º de ESO (Proxecto Abalar)
- Unha aula con ordenadores de sobremesa para o alumnado
- Encerado dixital interactivo (EDI) en todas as aulas de Educación Infantil e Primaria e en varias aulas da ESO



## **1.5. CONTRIBUCIÓN DA ETAPA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS OU CLAVE**

A ESO baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares. Trátase de fomentar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe, o cal implica:

- Novos enfoques na aprendizaxe, que agora debe estar centrado no alumnado como descubridor, tomando o profesorado o papel de facilitador de estratexias de aprendizaxe e de curador de contidos.
- Novos enfoques na avaliación, o que supón un importante cambio nas tarefas que teñen que resolver os alumnos e as alumnas.
- Propostas metodolóxicas innovadoras.

Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

As competencias desenvolveranse a través da práctica utilizando os saberes aportados polo coñecemento. Este coñecemento será adquirido na ESO a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais. O coñecemento, en realidade, conceptualízase como “un saber facer” que se aplica a unha diversidade de contextos educativos, sociais e profesionais.

Por todo o antedito, nesta etapa prestarase unha atención especial á adquisición e desenvolvemento das competencias básicas ou clave, e fomentarase especialmente a correcta expresión oral e escrita, e tamén o uso do pensamento matemático a nivel instrumental.

## **1.6. CRITERIOS XERAIS DO CENTRO SOBRE AVALIACIÓN DO ALUMNADO**

Todos os departamentos didácticos seguerán as seguintes indicacións con respecto á avaliación do alumnado:



### *Proxecto Educativo*

Con respecto ás programacións didácticas:

- As concrecións curriculares das materias e módulos profesionais construíranse a partir dos criterios de avaliación, ligándoos cos demais compoñentes de cada materia:
  - os criterios de avaliación relacionaranse directamente cos estándares de aprendizaxe, que non son máis que concrecións dos propios criterios
  - eses estándares de aprendizaxe conectaranse coas competencias clave
  - os criterios de avaliación describirán o que se pretende lograr en cada disciplina (neste sentido, os contidos non son máis que os medios para alcanzalos)
- Nas programacións explicaranse claramente os procedementos e os instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación que permitan avaliar tanto os resultados da materia como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.
- Nas programacións aparecerán claramente expostos os procedementos e instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación das materias pendentes.
- Nas programacións explicarase con claridade o procedemento para recuperar as partes suspensas das materias cursadas nese momento, así como os procedementos, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación para levalo a cabo.

Con respecto á información ao alumnado e aos seus pais, nais, titores e titoras legais:

- Cada profesor responsabilizarase de que o seu alumnado e os seus responsables legais coñecen cales serán os procedementos e instrumentos de avaliación, así coma os criterios de cualificación das materias e módulos profesionais impartidos por ese departamento.





### *Proxecto Educativo*

- Asegurarase tamén de que o alumnado con materias pendentes coñece o procedemento para recuperalas e cal é o profesor responsable da avaliación destas materias (que será o mesmo que lle imparte a materia do curso actual no que está matriculado e, de non cursala, o Xefe do Departamento).

Con respecto aos momentos e tipos de avaliación:

- Farase sempre unha avaliación inicial do alumnado no primeiro mes do curso, seguindo o procedemento establecido en cada programación didáctica.
- Ao longo do curso a avaliación será contínua e formativa. A súa función principal, lonxe da de cualificar meramente ao alumnado, será a detección das deficiencias na aprendizaxe do propio alumno ou alumna, para que poida solucionarlas e subsanalas.
- Informarase aos pais, nais, tutores e titoras legais dos progresos do alumno ou alumna. Esta información será dada como mínimo a través dos tres boletíns de cualificacións ao final de cada trimestre, pero atenderase aos responsables legais sempre que estes o demanden, para facilitarlles información sobre o proceso educativo do seu fillo ou filla en calquera momento do curso.

Con respecto aos procedementos e instrumentos de avaliación:

- Utilizarase, na medida do posible unha variedade suficiente de procedementos e instrumentos de avaliación en cada materia ou módulo, co fin de poder avaliar os diferentes tipos de aprendizaxe e as diferentes competencias clave ou profesionais.

## **1.7. CRITERIOS XERAIS DO CENTRO SOBRE PROMOCIÓN E TITULACIÓN**

### **1.7.1. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN**

#### **ESO (curso LOMCE)**

As decisións sobre a promoción de curso de un alumno ou alumna serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou alumna respectivo.



### *Proxecto Educativo*

O alumnado promocionará de curso cando teña avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirá curso cando teña avaliación negativa en:

- tres ou máis materias
- soamente en dúas materias, cando estas sexan de forma simultánea:
  - a. *Lingua castelá e literatura e Matemáticas*
  - b. *Lingua gaelga e literatura e Matemáticas*

De xeito excepcional, autorizarase a promoción dun alumno ou alumna con avaliación negativa en tres materias, cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

- a) que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente:
  - a. *Lingua castelá e literatura e Matemáticas*
  - b. *Lingua gaelga e literatura e Matemáticas*

- b) que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non impide ao alumno ou alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución académica

Autorizarase de xeito excepcional a promoción dun alumno ou alumna con avaliación negativa en dúas materias que sexan de forma simultánea *Lingua castelá e literatura e Matemáticas*, ou *Lingua gaelga e literatura e Matemáticas*, cando o equipo docente considere que o alumno ou alumna pode seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución académica.

Esta decisión competerá única e exclusivamente ao profesorado que imparte clase a ese alumno ou alumna, e para tomala analizará as circunstancias individuais do alumno ou alumna, sen ter en conta outras consideracións.

A estes efectos, as materias coa mesma denominación en diferentes cursos da Educación Secundaria Obligatoria consideraranse como materias distintas.

### **1.7.2. CRITERIOS XERAIS DE TITULACIÓN**

Para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria requirirase:



### *Proxecto Educativo*

Ter avaliación positiva en todas as materias, ou negativa nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas. A estes efectos:

- a) As materias coa mesma denominación en diferentes cursos consideraranse como materias distintas.
- b) Sen prexuízo do anterior, para obter o título será preciso que o equipo docente considere que o alumno ou alumna ten acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes
- c) Non se poderá optar o Título de Educación Secundaria Obrigatoria se as materias foron aprobadas co unha Adaptación Curricular Individual

## **1.8. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Medidas que se utilizan no centro para detectar NEE e unha vez detectadas deben ser avaliadas e tomar decisión para a mellora ou superación das mesmas.

### **1.8.1- DETECCIÓN TEMPERÁ DE NECESIDADES EDUCATIVAS**

Coa fin de desenvolver unha atención temperá das dificultades de aprendizaxe, as conductuais ou de habilidades sociais fanse tres accións prioritarias o Informe de resultados da memoria de final de curso e a avaliación inicial e seguemento dos alumnos a o longo do curso..

### **1.8.2- INFORME DE RESULTADOS DAS MEMORIAS**

Na reunión de avaliación de final de curso farase o informe de resultados por curso no que cada titor, profesor de aula ou de apoio/Aci explicará as dificultades atopadas nos alumnos aos longo do curso e unha proposta de actuación para o próximo curso que a comezo do seguinte curso será valorada polo DO, profesor titor e de área.

Tamén se deixará constancia de aqueles alumnos que xa obtiveron o fin de apoio. Na acta de avaliación final reflectiranse tanto o nome, coma o curso e as medidas propostas de cada alumno.



## *Proxecto Educativo*

### **1.8.3- AVALIACIÓN INICIAL**

Co fin de actuar de xeito preventivo e poder atender a diversidade do alumnado no centro, realizase unha serie de actuacións que implica a participación de todo o profesorado, nos seguintes termos:

Recollida de información dos alumnos de novo ingreso no Centro:

O Titor realiza unha análise da información que os centros de procedencia envíen de cada alumno de detectar alumnos con necesidades educativas especiais. Toda a información pertinente será comunicada Departamento de Orientación para a organización do inicio de curso.

Realización dunha avaliación inicial en todos os cursos e materias. 3- Recollida de datos por parte da Titoría:

Aplicase un cuestionario persoal en Ed. Infantil, Primaria e ESO (cando un alumno novo ingresa non centro cubrirá o cuestionario inicial de alumnos).

Reunión para o intercambio de cartafoles de alumno entre os titores dun curso e do curso seguinte coa fin de que ou novo titor saiba as medidas adoptadas, nivel educativo, comportamento con anterioridade con cada futuro titorando.

Sesión de avaliación inicial: en todos os cursos.

Consiste na reflexión conxunta do equipo docente dos datos recollidos sobre os alumnos e dos resultados da avaliación para:

Priorizar obxectivos

Adoptar medidas concretas de actuación, tanto a nivel individual como grupal.

Programar as actividades de recuperación das áreas cualificadas con insuficiente no curso anterior.

- Detectar posibles alumnos con necesidades educativas especiais que non se propuxeran no Informe de resultados da memoria.

### **1.8.4- SEGUIMIENTO DOS ALUMNOS DURANTE O CURSO**

Ao longo do curso, os profesores irán profundando no coñecemento das diferenzas individuais dos alumnos, mediante a avaliación continua, para poder tomar acordos en cada unha das sesións de avaliación sobre propostas de mellora no proceso de ensino-aprendizaxe. Se considera necesario, o titor poderá convocar ao equipo docente ao longo do curso para expor algunha cuestión concreta e tomar decisións que afecten ao grupo ou a algún alumno en concreto.

Unha vez terminadas as exploracións iniciais por parte do Departamento de Orientación e dos titores, poden aparecer novos casos que sexa preciso derivar



### *Proxecto Educativo*

durante o presente curso. Para iso debe de cubrirse o **Informe de solicitude do D.O** por parte do persoa interesada o DO dará unha primeira resposta na mesma solicitude a partir dese momento comezará ou estudo do caso polo DO. Cando se incorpore un alumno procedente doutro sistema educativo farase unha **proba de nivel**.

**Test alumnos novos.** Aos alumnos novos a partir de 2º curso de P. se lle pasará ou test RAVEN para ter información psicopedagóxica xa eu ou resto dous alumnos de centro fan regularmente unha avaliación psicopedagóxica. (2º,5º P.,2ºESO) a principio de curso ou cando incorpórense.

Cubrir **informe de apoio e/ou ACI** e entrega do mesmo ao DO. Profesor e/ou titor cando se solicita por primeira Se o alumno xa tiña apoio ou ACI será suficiente co informe de resultados. Cubrirase o informe de ACI cando se teña que renovar.

#### **1.8.5.- TEST PSICOPEDAGÓXICOS COLECTIVOS**

Para a detección de dificultades e para ter unha información psicopedagóxica estandarizada pásase unha batería de test DO ICCE en 2º, 5º P., 2º ESO. Os informes entregase ás familias nunha reunión individual.

Os titores de 2º e 5º de P. manteñen unha reunión coa orientadora para a presentación e análise dos test. Na ESO faise un análise dos resultados e cólgase na sala de profesores. Cando un profesor titor ou outro desexa ver os test coordínase unha reunión coa orientadora.

A principio de curso solicítase o permiso ás familias que se arquivan na carpeta de titor nas salas de profesores.

Os resultados dos tests están no ordenador de Orientación ata que o alumno se vai do centro.

#### **1.8.6 -APLICACIÓN DE TEST PSICOPEDAGÓXICOS INDIVIDUAIS**

Cando se considera necesario e segundo as necesidades dos alumnos se lle pasa diferentes baterías de test, sempre baixo o consentimento familiar. Faise un informe cos resultados e informase a titora que é a encargada de falar cos pais, cando se considera necesario farao a orientadora

#### **1.8.7 - ELABORAR INFORMES PSICOPEDAGÓXICOS E INFORMES INDIVIDUAIS.**

Cando as circunstancias o requiran a orientadora elaborará un informe das necesidades dos alumnos.

#### **1.8.8.- SOLICITAR A INTERVENCIÓN DO EOE**

Cando se considere necesario e a familia estea de acordo.



### *Proxecto Educativo*

#### **1.8.9- INFORMAR AO EDE SOBRE ALUMNOS CON NEE**

En equipo directivo de xuño informárase sobre alumnos que necesitan medidas adaptativas para o próximo curso.

No DO estudáranse as necesidades e as medidas adaptativas, facendo unhas propostas que se presentan aos titores e profesores a principio do seguinte curso. Despois da avaliación inicial e de observar aos alumnos o titor e/o profesor de área da unha resposta as propostas. Quedando en acta de DO as medidas adoptadas e os alumnos con NEE.

## **2-OBXECTIVOS**

Apoiar o labor do centro educativo e do conxunto do profesorado en todas aquelas actuacións encamiñadas a asegurar unha formación integral do alumnado e á adaptación dos procesos de ensino ás características e necesidades de todos os alumnos e alumnas.

Promover unha atención máis axustada ás posibilidades de cada alumno. 3- Responder ás necesidades educativas concretas do alumno e a consecución, no mior grao posible, das competencias básicas e obxectivos de etapa, sin que supoña en ningún caso unha discriminación que impida ao alumno alcanzar ditos obxectivos e a titulación correspondente.

Superar unha forma de actuar baseada en que é o alumno o que ten o problema para substituílo por un modelo educativo que se centra nas axudas que os alumnos van necesitar para progresar na súa aprendizaxe.

Adquirir, por parte de todos, unha actitude de respecto pola diversidade de opinións, motivacións, intereses.

Favorecer a cooperación entre o profesorado e as familias, fomentando a implicación destas no proceso educativo dos seus fillos.

Adquirir hábitos de estudo e esforzo como base para o seu progreso intelectual e persoal.

### **2.1.-Descricións das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.**

Enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias.

#### **2.1.1-Medidas ordinarias**

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nos diferentes ensinados.

#### **2.1.2- Reforzo educativo**

Na aula, segundo as necesidades concretas dos alumnos, pódense tomar medidas de adaptación curricular en aspectos que non afectan ao currículo básico tales como:

Establecer distintas estratexias para acceder aos mesmos obxectivos e contidos, utilizando materiais e actividades alternativas. Presentación de contidos adaptándoos a cada tipo específico de alumnado, de maneira que sexan máis prácticos e facilmente asimilables. Trataríase de priorizar obxectivos, de acordo ás capacidades de nivel e etapa, e seleccionar os contidos mínimos variando a temporalización dos mesmos e incluíndo aqueles que se consideren relevantes no contexto ao que pertence o alumnado.



### *Proxecto Educativo*

Modificar o peso relativo dos obxectivos e contidos da programación da área, resaltando máis algúns e diminuíndo outros menos importantes ou menos alcanzables polos alumnos.

Modificar a temporalización das aprendizaxes, adaptándoos aos ritmos dos alumnos. Utilización de técnicas avaliativas como a observación sistemática.

Ofrecer unha breve explicación individual que facilite a resolución da proba.

Dar máis tempo para realizar a tarefa.

Utilizar outras áreas como complemento ás instrumentais.

Postergar para o ciclo seguinte o dominio do discurso ou a redacción de textos aos alumnos que aínda non dominan o idioma.

Priorizar as probas orais para os alumnos que non dominan o idioma e permitir o uso do dicionario nas probas escritas.

Contrasta

r a información a través de diversos instrumentos (observación, entrevista, cuestionario).

Contrastar a información en diferentes momentos.

Integrar estratexias de coevaluación e autoavaliación.

#### **2.1.3.- Apoio educativo**

Enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Diferentes modelos de reforzo educativo:

#### **2.1.4.- Dentro da aula**

Lévase a cabo en matemáticas e lingua castelá e galega en Primaria. Os alumnos destinatarios son aqueles que se detecta que necesitan apoio educativo e que o seu rendemento sería mellor cun profesor de apoio para seguir o ritmo normal da clase. Neses casos os profesores de apoio reforzarán o alumno ou alumnos segundo o diga o profesor de área que será o encargado de prepara as actividades que farán.

O profesor de apoio fará un seguimento levando un diario ou un seguimento trimestral. A orientadora fará u seguimento de cada alumno que recibe apoio mantendo entrevistas tanto co profesor de área como co de apoio. Ese será un seguimento trimestral.

#### **2.1.5.- Fora da aula**

Aqueles alumnos que por a súa necesidade se valore que o apoio será mellor fora da aula asistirá a aula de apoio e será atendido por la AL ou por profesores de





### *Proxecto Educativo*

apoio. Despois de detección da necesidade realizarase un informe no DO ou polo EOE. Comunicaráselle as familias a medida adoptada e terán que firmar o consentimento para que se lle aplique. Cando a familia non está de acordo coa medida aconsellada non lle se pon ao alumno xa que consideramos que para que a medida sexa efectiva debemos contar co apoio da familia para traballar conxuntamente e que transmitan ao seu fillo o beneficio para el. O alumno sairá da aula nun horario establecido entre o profesor titor e o DO de tal forma que o momento elixido para saír sexa o máis adecuado e o profesor de área o teña en conta ao dar a clase ao grupo ordinario. Tanto o profesor de apoio coma a orientadora farán unha programación o seguimento da mesma e a preparación de material específico necesario.

#### **2.1.6.- Medidas de aplicación extraordinarias.**

Trátase de medidas que se adoptan cando se esgotaron as medidas ordinarias de atención á diversidade: Adaptacións curriculares individuais significativas (A.C.I.S.).

#### **2.1.7.- A.C.I.S.**

Consideracións:

Débese lograr a maior participación posible dos alumnos con necesidades educativas específicas no currículo ordinario do que partimos.

Hase de procurar achegar ao alumno o máis posible á consecución dos obxectivos mínimos de cada etapa educativa.

Hase de partir do nivel de competencia curricular do alumno.

Hanse de combinar os criterios de realidade e éxito para obter resultados positivos que vaian reforzando o proceso.

É importante reflectir as decisións por escrito por se houberse algún cambio nos profesionais do centro.

Tomaranse como referentes curriculares os obxectivos mínimos de cada ciclo ou curso, de acordo coa competencia curricular de cada alumno.

-As adaptacións faranse en todas as áreas que se considere necesario . Na aula de apoio incidirase fundamentalmente nas áreas instrumentais de lingua e matemáticas.

A avaliación terá como referente fundamental os obxectivos marcados para cada un dos alumnos.

Priorizaranse á hora de avaliar, os contidos actitudinais sobre os procedimentais e conceptuais.

Organización para a elaboración e seguimento do A.C.I.. Ao longo do curso, establécense reunións de coordinación entre todos os profesionais implicados (titor, apoios, orientador) para:

Elaborar o ACI . (Documento Individual de Adaptación Curricular) canto antes.



### *Proxecto Educativo*

Prefixar outras reunións non formais segundo necesidades.

#### **2.1.8.- TALLER**

Aquel alumnado que presente dificultades nas materias instrumentais Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, ao incorporarse á secundaria será orientado cara ás optativas de reforzo Taller de Matemáticas, Taller Lingua castelá. Estes alumno veñen propostos polos profesores de Primaria.cara o próximo curso. Durante o mes de setembro e despois da avaliación inicial podan incorporarse os alumnos provintes de outros centros ou outros que detecten os profesores de 1º de ESO. Estes alumnos non asistirá a clase de francés.

Os profesores destas materias seguen a programación da aula e reforzan os temas e actividades realizadas durante a semana. A orientadora leva un seguimento trimestral dos alumnos que van a talleres e os profesores que dan clase de talleres farán un seguimento trimestral da mesma e levarán un diario.

### **3.-CRITERIOS XERAIS DO CENTRO PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS**

#### **INFANTIL , PRIMARIA E ESO**

Os Departamentos Didácticos que impartan materias na ESO seguerán un modelo unificado de Programación Didáctica, que será aportado pola Xefatura de Estudos. Este modelo contará con elementos formais unificadores, como a portada, o membrete e logotipo oficial, a fonte, o espaciado, etc.

Nos cursos afectados polas modificacións establecidas na *Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa*, as programacións didácticas procurarán utilizar o modelo aportado pola Inspección Educativa e asumido polo centro.

Todas as programacións didácticas conterán os elementos establecidos na normativa educativa.



## **4.-PLANS E PROGRAMAS**

### **4.1.-PROXECTO LINGÜÍSTICO**

Ver documento anexo: ***Proxecto Lingüístico***

### **4.2.-PROXECTO LECTOR**

Ver documento anexo: ***Proxecto Lector***

### **4.3.-PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC**

Ver documento anexo: ***Plan de Integración das TIC***

### **4.4.-PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Ver documento anexo: ***Plan de Atención á Diversidade***

### **4.5.-PLAN DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL**

Ver documento anexo: ***Plan de Orientación e Acción titorial***

### **4.6.-PLAN DE REFORZO PARA O ALUMNADO REPETIDOR OU CON MATERIAS PENDENTES**



colegio  
**PADRES  
ESCOLAPIOS**  
MONFORTE

Campo de la Compañía, 50  
27400 Monforte de Lemos. Lugo  
Tel.: 982400450, Fax: 982410003  
[www.escolapiosmonforte.es](http://www.escolapiosmonforte.es)  
CENTRO PRIVADO CONCERTADO



*Proxecto Educativo*

**CAPÍTULO III**

**NORMAS DE ORGANIZACIÓN,  
FUNCIONAMENTO E  
CONVIVENCIA**



## **1. PLAN DE CONVIVENCIA**

Ver documento anexo: ***Plan de Convivencia***

## **2. NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMIENTO E CONVIVENCIA**

Ver documento anexo: ***Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia***

## **3. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**

Ver documento anexo: ***Plan de Autoprotección***



colegio  
**PADRES  
ESCOLAPIOS**  
MONFORTE

Campo de la Compañía, 50  
27400 Monforte de Lemos. Lugo  
Tel.: 982400450, Fax: 982410003  
[www.escolapiosmonforte.es](http://www.escolapiosmonforte.es)  
CENTRO PRIVADO CONCERTADO



*Proxecto Educativo*

## **CAPÍTULO IV**

### **PROXECTO DE XESTIÓN**

### **ECONÓMICA**



*Proxecto Educativo*

## **1.-PROXECTO DE XESTIÓN**

### **1.1. REPARTO DE RESPONSABILIDADES EN RELACIÓN COA XESTIÓN ECONÓMICA**

#### **Secretario/a do centro:**

Elaborará o Proxecto de Orzamento anualmente, unha vez que reciba dende a Consellería competente a información sobre os orzamentos do que o centro disporá durante o seguinte ano natural.

Autorizará, por delegación do Director/a, os gastos solicitados polos departamentos didácticos.

Manterá actualizada a Conta de Xestión de Orzamentos e custodiará as facturas, contratos e calquera documento económico.

Elaborará, ao rematar o exercizo económico, a Xustificación de Gastos, que deberá ser presentada ao Director/a.

#### **Director:**

Aprobará anualmente o Proxecto de Orzamento e se responsabilizará de enviálo ao Servizo de Inspección Educativa como parte da Programación Xeral Anual do centro.

Será informado polo Secretario/a, en todo momento e con anterioridade a producirse, de calquera gasto extraordinario ou especialmente significativo.

Será consultado sobre as contratacións de subministros e contratación de obras, e as autorizará.

Aprobará anualmente a Xustificación de Gastos e se responsabilizará de enviálo ao Servizo de Inspección Educativa como parte da Memoria Anual do centro.

#### **Departamentos Didácticos:**

Non disporán de orzamento económico fixo. Polo tanto, para calquera gasto ou inversión, deberá tramitar a solicitude a través do Secretario/a do centro.





## **1.2. FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN ECONÓMICA**

Nos termos establecidos na normativa, constituirase a Comisión Económica no seo do Consello Escolar e funcionará segundo estea establecido no regulamento de centro.

Como comisión delegada, será informada puntualmente do Proxecto de Orzamento e da Xustificación de Gastos do centro, e poderá propór gastos e inversións para a mellora do centro.

## **1.3. ORZAMENTO E XUSTIFICACIÓN DE GASTOS**

Anualmente elaborárase un Proxecto de Orzamento do centro e, ao rematar o exercizo económico, unha Xustificación de Gastos. Ambos os dous documentos presentáranse ao Consello Escolar, que deberá ser informado dos aspectos da xestión do orzamento do centro.

O Secretario/a elaborará ambos os dous documentos e o Director aprobaráos e responsabilizarase de presentalos ao Servizo de Inspección Educativa nos prazos establecidos a tal efecto.

## **2. PLAN DE ACCIÓNS PARA A OBTENCIÓN DE RECURSOS COMPLEMENTARIOS**

O centro non dispón de Plan de Acción para a Obtención de Recursos Complementarios.